

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

NA GALERÍA SARGADELOS, O VENRES 9 DE DECEMBRO ÁS 20:00H

Afonso Becerra presenta o seu libro "O ritmo na dramaturxia"

No acto cóntase coa intervención dos dramaturgos vinculados ao Institut del Teatre Rosa-Victòria Gras e Lluís Solà, a cantante e escritora galega Cristal Méndez Queizán e mais a fotógrafa Vicenta Sendra Pons. Este libro de Afonso Becerra, que na actualidade é profesor na Escola Superior de Arte Dramática de Vigo, recolle un traballo de investigación que desenvolveu no Institut del Teatre.

- 08:44 29/11/2005

Afonso Becerra (Becerreá, 1973) é director, investigador e autor teatral.

Desenvolveu boa parte da súa traxectoria artística e investigadora durante os seus anos de estadía en Barcelona, e como tal é autor de varias dramaturxias curtas como *Ámeto mítico* (1999), *As nosas ás* (2000) ou *Habelas hainas* (2001). Acadou o premio Álvaro Cunqueiro 2001 para textos teatrais con [Agnus Patris](#). Así mesmo é un dos promotores das noites poéticas que todos os nadaís organiza a asociación A Pipa de Becerreá.

Presentación do libro de **Afonso Becerra de Becerreá**, *O ritmo na dramaturxia*

Coa participación, ademais do autor, de **Rosa-Victòria Gras**, **Lluís Solà**, **Cristal Méndez** e **Vicenta Sendra Pons**

Venres 9 de decembro de 2005 ás 20 h.

Galería Sargadelos

c/ Provença, 274 | Barcelona